

# **Estatutos da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)**

## **Capítulo I.- Da constitución, denominación, ámbito territorial, actividade e domicilio social**

**Artigo 1.-** Coa denominación de Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), constitúese unha asociación de carácter non lucrativo e de ámbito galego con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, que se rexerá polas normas destes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e por outras normas complementarias.

**Artigo 2.-** Os fins desta asociación serán:

- a) Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.
- b) Promover a formación continua no eido da normalización da lingua.
- c) Elaborar propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua.
- d) Promover a nosa lingua en todos os ámbitos da sociedade galega.

**Artigo 3.-** Para o cumprimento dos fins descritos no artigo 2, a asociación:

- a) Organizará cursos, xornadas, encontros, conferencias e outras actividades que contribúan á formación e actualización profesional dos/das socios/as.
- b) Promoverá a elaboración e edición de publicacións, en papel e na rede, para difundir todo tipo de información que atinxa á normalización lingüística e se considere de interese para os fins da asociación.
- c) Participará en intercambios, viaxes e calquera outra clase de actividades que lles permitan aos/ás socios/as coñecer outras realidades relacionadas cos fins xerais da asociación.
- d) Elaborará e difundirá propostas para mellorar as condicións de traballo na normalización da lingua.
- e) Fomentará as relacións de colaboración coas institucións públicas, empresas privadas e outras organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.

**Artigo 4.-** O domicilio social da asociación será o seguinte: Rúa da Seca 20, 3.º D. 36002. Pontevedra. Para as actividades da asociación empregaranse outros locais asociativos, mediante acordo da Xunta Directiva.

## **Capítulo II.- Dos/Das socios/as: dereitos e deberes**

**Artigo 5.-** Poderán ser socios/as todas as persoas físicas ou xurídicas con plena capacidade de obrar (ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica) que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter relación laboral ou formativa encamiñada ao desenvolvemento de tarefas de normalización lingüística
- b) Formalizar a súa solicitude de ingreso.

**Artigo 6.-** As persoas que queiran ser socias manifestarán o seu desexo de formaren parte da asociación e serán admitidas pola Xunta Directiva, que estará obrigada a declarar procedente a admisión de todas aquelas que o soliciten e cumpran as condicións esixidas nestes estatutos. A Asemblea Xeral ordinaria será informada da incorporación dos/das novos/as socios/as e deberá ratificar o acordo da Xunta Directiva referido ás novas admisións.

**Artigo 7.-** Todos/as os/as socios/as terán igualdade de dereitos desde o momento da súa admisión. Estes dereitos son:

- a) Tomar parte nas asembleas xerais, con voz e voto.
- b) Poder elixir e seren elixidos/as para os cargos directivos.
- c) Gozar dos beneficios e dereitos que lles correspondan como membros/as da asociación.
- d) Recibir información sobre os acordos tomados polos órganos da asociación, así como sobre o desenvolvemento da planificación de actividades e dos orzamentos.
- e) Intervir no desenvolvemento da asociación.
- f) Aqueloutros que sexan recollidos na lexislación vixente.

**Artigo 8.-** Son obrigas dos/das socios/as:

- a) Cumprir os preceptos que ditaminen estes estatutos así como os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b) Desempeñar os cargos para os que sexan elixidos/as.
- c) Asistir ás asembleas xerais, en persoa ou con voto delegado.
- d) Satisfacer as cotas que se establezan.
- e) Respetar o que se determina nestes Estatutos.
- f) Aqueloutras que sexan recollidas na lexislación vixente.

**Artigo 9.-** Perda da condición de socio/a:

- a) Por vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva e logo do pagamento de todas as cotas que teña pendentes.
- b) Por ir as súas actuacións en contra dos fins da asociación.
- c) Por non ter satisfeitas as cotas establecidas antes do peche do exercicio económico anual.

**Artigo 10.-** A decisión de expulsión dos/das socios/as será tomada pola Xunta Directiva, logo de audiencia ao/á interesado/a. En todo caso, o acordo deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e, contra el, pódese recorrer diante da xurisdición ordinaria.

**Artigo 11.-** A separación temporal dun/dunha socio/a pódese producir por pedimento persoal motivado e por escrito.

### **Capítulo III.- Dos órganos directivos e asembleas**

**Artigo 12.-** Son órganos da asociación:

- a) A Asemblea Xeral, como máximo órgano colexiado do goberno da asociación.
- b) A Xunta Directiva, como órgano colexiado en que a Asemblea delega o goberno permanente da asociación.
- c) As comisións que se poidan constituír.

**Artigo 13.-** A Asemblea Xeral de socios/as é o órgano de expresión da vontade da Coordinadora, estará formada por todos/as os/as socios/as e tomará os seus acordos por maioría ou democracia interna. O/A presidente/a e o/a secretario/a da Asemblea serán os mesmos cós da Xunta Directiva, agás que algún/unha socio/a solicite antes de empezar a Asemblea que se vote unha nova mesa. A Asemblea poderá ser ordinaria ou extraordinaria e terá a facultade de referendar ou rexeitar os acordos da Xunta Directiva.

**Artigo 14.-** Son competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Aprobar a acta da reunión anterior.
- b) Facer exame e aprobación da memoria de actividades, das contas e do balance do exercicio anterior.
- c) Decidir a liña de actuación da Coordinadora, proposta pola Xunta Directiva.
- d) Aprobar o orzamento de ingresos e gastos para cada exercicio.
- e) Elixir os/as membros/as da Xunta Directiva.
- f) Ratificar a admisión e baixa de socios/as
- g) Fixar e modificar as cotas ordinarias e, de ser o caso, extraordinarias.

**Artigo 15.-** Son competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da Coordinadora.
- b) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- c) Expulsar socios/as, por proposta da Xunta Directiva.
- d) Decidir a disolución e designar os liquidadores.
- e) Solicitar a fusión, integración ou colaboración con outros organismos que persigan idénticos fins.
- f) As que, a pesar de lle corresponderen á Asemblea Xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar á súa convocatoria, sempre e cando isto non implique grave prexuízo para a Coordinadora.
- g) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.
- h) Solicitar a declaración de asociación de utilidade pública.

**Artigo 16.-** As Asembleas tanto ordinarias como extraordinarias conformaranas os/as socios/as asistentes, sempre que concorran, como mínimo, a metade máis un dos/as socios/as na primeira convocatoria; ou transcorrida media hora, en segunda convocatoria con calquera número de asistentes.

**Artigo 17.-** Os/As socios/as poderán delegar a súa representación na Asemblea en calquera outro/a socio/a. Tal representación outorgarase por escrito e deberá estar en poder do/da secretario/a da Asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

**Artigo 18.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio anual.

**Artigo 19.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario en convocatoria especial por pedimento da Xunta Directiva, do/da presidente/a ou do 10% dos/das

socios/as. Neste último caso realizarase a solicitude por medio dun escrito dirixido ao/á presidente/a, e autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 20.-** O/A presidente/a da Xunta Directiva convocará tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria como mínimo con 15 días de antelación, mediante citación persoal aos/ás socios/as. Na convocatoria aparecerán o lugar, a data e a hora da xuntanza, así como a orde do día cos temas que se tratarán e os anexos que sexan necesarios. Tamén se sinalará a hora da segunda convocatoria, que como mínimo será media hora máis tarde da primeira.

**Artigo 21.-** Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas. Será precisa maioría absoluta das persoas presentes ou representadas para os acordos tomados en Asemblea Xeral extraordinaria. A seguir levaranse os acordos ao libro de actas e asinará o/a presidente/a e o/a secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

**Artigo 22.-** Os acordos adoptados conforme o artigo anterior obrigarán a todos/as os/as socios/as, mesmo aos/ás que non asistisen á Asemblea Xeral.

**Artigo 23.-** Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser obxecto de recurso de reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 24.-** A Xunta Directiva estará integrada por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais. O número de vogais poderá ser modificado por proposta da Xunta Directiva e ratificado en Asemblea Xeral.

**Artigo 25.-** Os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos e as persoas que ocupen os ditos cargos poderán ser novamente elixidas ao remataren o mandato. En calquera caso, os cargos poderán ser revogados e estarán sempre a disposición da Asemblea Xeral.

**Artigo 26.-** Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas e/ou por expiración do mandato. Neste último caso, continuarán nos seus cargos ata o momento en que produza a aceptación das persoas que os/as substitúan.

**Artigo 27.-** As vacantes que puidesen producirse na Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación desta ata que a Asemblea Xeral elixa os/as novos/as membros/as ou confirme nos seus postos os/as designados/as.

**Artigo 28.-** A Xunta Directiva reunirse cunha periodicidade mínima dunha vez cada tres meses ou, con carácter extraordinario, cando así o soliciten a metade dos membros desta.

**Artigo 29.-** Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple e para seren válidos requirirán da presenza da metade máis un dos seus membros. No caso de empate, decidirá o voto do/da presidente/a.

**Artigo 30.-** Son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da asociación e levar a súa xestión económica e administrativa.
- b) Executar os acordos establecidos nas asembleas xerais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos/as socios/as.
- e) Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou obter delas as informacións necesarias. Ao cargo destas comisións designarase un/unha membro da Xunta Directiva.
- f) Nomear delegados para determinadas actividades da asociación.
- g) Interpretar os estatutos e, se é o caso, o regulamento de réxime interno e velar polo seu cumprimento.
- h) Ditar normas de funcionamento non previstas nos estatutos nin no regulamento de réxime interno.
- i) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios/as.

**Artigo 31.-** Serán competencias do/da presidente/a:

- a) Desempeñar a dirección da asociación.
- b) Representar legalmente a asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- c) Convocar, presidir e pechar as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións que nelas se produzan.
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o plan de actuación proposto pola Xunta Directiva, a memoria de xestión correspondente, o orzamento para o exercicio que comeza e os balances e contas anuais do exercicio pechado
- e) Ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- f) Acordar coa Xunta Directiva a admisión de novos/as socios/as e presentalos/as perante a Asemblea Xeral.
- g) Velar polo cumprimento dos fins da Asociación.
- h) Delegar certas funcións noutros membros da Xunta Directiva.

**Artigo 32.-** Serán competencias do/a secretario/a:

- a) Exercer a dirección dos traballos administrativos da asociación.
- b) Custodiar e encargarse dos libros de actas e de rexistro de socios/as, dos documentos e dos carimbos da asociación.
- c) Redactar as actas das reunións e expedir certificacións destas co visto e praxe do/da presidente/a.
- d) Comunicar os cambios na Xunta Directiva e demais acordos inscribíbeis aos rexistros que corresponda, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

**Artigo 33.-** Serán competencias do/a tesoureiro/a:

- a) Exercer a dirección dos traballos de xestión económica da asociación.
- b) Custodiar e levar os libros de contabilidade o os inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.
- c) Preparar os orzamentos, as contas anuais e os balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- d) Custodiar os fondos da asociación.

e) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a.

**Artigo 34.-** Os/As vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

#### **Capítulo IV.- Do patrimonio fundacional, recursos económicos previstos, forma de administración e límites do orzamento anual**

**Artigo 35.-** A Coordinadora, que ao iniciar as súas actividades carece de patrimonio, utilizará en cumprimento dos seus fins os seguintes medios económicos:

- a) As cotas dos/das socios/as.
- b) As achegas económicas voluntarias.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro recurso lícito.

A facultade para dispor do patrimonio da Coordinadora correspóndelle á Asemblea Xeral de socios/as.

**Artigo 36.-** A contía e periodicidade das cotas dos/as socios/as estableceráase a Asemblea Xeral por proposta da Xunta Directiva. As devanditas cotas dedicaranse con exclusividade a atender as necesidades da Coordinadora.

**Artigo 37.-** Anualmente, e con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance da situación e formalizarase nunha memoria, que será posta a disposición dos/as socios/as durante un prazo non inferior aos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobala ou censurala.

**Artigo 38.-** Anualmente, e no tempo que establece o artigo 18, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral.

#### **Capítulo V.- Da modificación dos estatutos, da disolución da Coordinadora e da liquidación do patrimonio**

**Artigo 39.-** Os presentes estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou dun cuarto dos/das socios/as.

A modificación dos estatutos farase en Asemblea Xeral extraordinaria e será o único punto da orde do día. Xunto coa convocatoria chegarase o texto coas modificacións propostas. Abrirase un prazo mínimo de dez días para que calquera socio/a poida dirixirle á Xunta Directiva as propostas e emendas que considere oportunas. Estas completarán a documentación da citada asemblea e serán postas á disposición dos/das socios/as como mínimo tres días antes da realización da Asemblea extraordinaria.

A aprobación da modificación dos estatutos será acordada por maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

**Artigo 40.-** A duración da Coordinadora será indefinida.

**Artigo 41.-** A Coordinadora disolverase polas seguintes causas:

- a) Por vontade da Asemblea Xeral extraordinaria e acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.
- b) Por outras causas determinadas legalmente ou por sentenza xudicial.
- c) Por fusión con outra organización que persiga fins semellantes.

**Artigo 42.-** No caso de disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará dous/dúas socios/as liquidadores que, xunto co/coa presidente/a e o/a tesoureiro/a, efectuarán a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. O haber líquido resultante, unha vez realizada a liquidación, doaráselle a outra entidade de carácter non lucrativo e de ámbito galego.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.